

CONVENIO-MARCO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE O CONCELLO DE LUGO E O IES FRANCISCO DAVIÑA REY PARA O DESENVOLVEMENTO DA FORMACIÓN EN EMPRESA

REÚNENSE:

Dunha parte, Don Miguel Fernández Méndez, Alcalde - Presidente do Concello de Lugo, con enderezo social en Praza Maior, s/n, 27001 de Lugo, e CIF P2702800J, que actúa en nome e representación do mesmo, segundo o dispón o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e coas atribucións que lle son outorgadas polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Doutra, Dona Raquel Aira González, directora do Instituto de Educación Secundaria Francisco Daviña Rey de Monforte de Lemos, centro educativo dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, código 27007247, localizado en rúa Doutor Casares, núm. 63, 27400, Monforte de Lemos, e CIF Q7755179D.

Ambas partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecéndose de modo recíproco capacidade, lexitimidade, suficiencia e vixencia nas súas respectivas facultades para subscribir o presente Convenio-Marco, e na súa virtude

EXPOÑEN:

1. Que o IES Francisco Daviña Rey é un centro educativo público dependente da Xunta de Galicia, polo que tódalas súas ensinanzas teñen carácter oficial e validez académica en todo o Espazo Común Europeo.
2. Que o Concello de Lugo, segundo o artigo 124 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, pode promover, para a xestión dos seus intereses e no ámbito nas súas competencias, toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, así como participar na programación da ensinanza e cooperar coa Administración educativa.
3. Que o Concello de Lugo e o IES Francisco Daviña Rey teñen interese en colaborar conxuntamente na formación do alumnado desta, mediante a realización de prácticas non remuneradas nas distintas áreas do Concello que se adecúen ós seus estudos.

De acordo co anterior, ámbalas dúas institucións acordan subscribir as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.

O presente Convenio-Marco ten por obxecto establece-la colaboración entre as partes para o desenvolvemento dun programa de Formación en Empresa, dirixido ó alumnado de formación profesional específica do IES Francisco Daviña Rey, e que fará posible que alumnado deste centro educativo faga prácticas non remuneradas nas dependencias e áreas do Concello de Lugo que se determinen.

SEGUNDA.

A duración das prácticas, o seu período de realización e o número de alumnos/as que participarán nelas serán determinadas igualmente por ámbalas dúas partes nos acordos específicos que se aprobarán, de ser o caso, e segundo a legalidade vixente. O IES Francisco Daviña Rey seleccionará o alumnado que realizarán as prácticas segundo a convocatoria e o plan de estudos do citado centro, respectando ós principios de transparencia, publicidade e igualdade de oportunidades .

TERCEIRA.

O alumnado que faga as prácticas ó abeiro do presente Convenio-Marco desenvolverá as actividades formativas programadas nas dependencias e áreas do Concello de Lugo, ou de ser o caso, naqueles lugares nos que o Concello de Lugo desenvolva a súa actividade, que se determinen por este.

CUARTA

O Concello de Lugo comprométese ó cumprimento da programación de actividades formativas, que previamente fosen acordadas co IES Francisco Daviña Rey, a realiza-lo seu seguimento e a valoración do progreso do alumnado, e, xunto coa titoría do centro educativo, á revisión da programación, se fora necesario, unha vez iniciado o período de prácticas, e á vista dos resultados.

QUINTA

O Concello de Lugo nomeará unha persoa como titor/a para a coordinación das actividades formativas que se realizarán nas súas dependencias, que garantirá a orientación e consulta do alumnado, facilitará as relacións co profesorado titor do centro educativo e achegará os informes valorativos que contribúan á avaliación. Para tal fin, facilitaralle ó profesor titor do centro educativo as actuacións de valoración e supervisión do proceso.

SEXTA

Cada alumno/a disporá dun documento de seguimento e avaliación das actividades realizadas, que será supervisado polo titor/a do Concello de Lugo en colaboración ca titor/a do centro educativo. No devandito documento figurarán as actividades formativas máis significativas realizadas no Concello de Lugo, con rexistro de data e dos resultados semanais. Estes resultados semanais reflectiranse nunha ficha de seguimento e avaliación, que cumprirá o titor/a do Concello de Lugo.

SÉTIMA

O alumnado non percibirá do Concello de Lugo ningunha cantidade económica pala realización das actividades formativas. Polo tanto, a sinatura do presente Convenio Marco non supón compromiso económico algún tanto para o Concello de Lugo como para o IES Francisco Daviña Rey.

OITAVA

Durante o tempo que duren as actividades formativas o alumnado estará dado de alta na Seguridade Social tal e como establece a disposición adicional quincuaxésima segunda do texto refundido da Lei da Seguridade Social, que determina a inclusión, e os termos desta, no sistema da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas formativas que inclúen as realizadas polo alumnado de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional asumirá a xestión centralizada e o custo económico desta medida.

A cotización á Seguridade Social axustarase ao establecido na disposición adicional quincuaxésima segunda do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e Formación Profesional garantirá o cumprimento do establecido nesta cláusula para cada un dos alumnos/as que, en base a este convenio, sexan autorizados pola institución Concello de Lugo para a realización de prácticas nas súas instalacións.

NOVENA

Calquera eventualidade de accidente que se puidese producir será recollida pola normativa vixente en materia de seguro escolar e polos estatutos da mutualidade de tal seguro; todo iso sen prexuízo da póliza que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria subscribe anualmente como seguro adicional para mellorar indemnizacións, cubrir danos a terceiros ou responsabilidade civil do alumnado que realiza a Formación en Empresa, e concretamente nesta Administración Local.

DÉCIMA

Dado o carácter formativo das prácticas académicas, da súa realización non se derivarán en ningún caso para o Concello de Lugo obrigas propias dunha relación laboral nin o seu contido poderá dar lugar á substitución da prestación laboral propia de postos de traballo. O Concello de Lugo non poderá cubrir, nin sequera con carácter interino, ningún posto de traballo do cadro de persoal co alumnado que realice actividades formativas nas súas dependencias.

UNDÉCIMA

Co fin de realizar un seguimento da execución, xestión e interpretación do presente Convenio-Marco, prevese a existencia dunha Comisión de Seguimento, coas seguintes funcións:

- Formula-las propostas sobre o número de prazas de cada convocatoria correspondentes a cada curso académico, de acordo cos criterios e normas que se establecerán oportunamente.
- Observación da súa execución.
- Decisión nas controversias e/ou discrepancias que se susciten na súa interpretación.
- Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións desde Convenio-Marco, así como controla-lo seu cumprimento e resolver os conflitos entre as partes.

A devandita Comisión de Seguimento estará integrada por dous representantes do centro educativo e dous do Concello de Lugo, entre eles o titor/a das actividades do alumnado en prácticas.

DUODÉCIMA

O Convenio-Marco entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de

catro anos. En calquera momento, antes da finalización do prazo previsto anteriormente, os firmantes do convenio poderán acordar unanimemente a súas prórrogas por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

Tamén se poderá rescindir por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas, que se lle deberá comunicar á outra cunha antelación mínima de cinco días, e baseada nalgunha das seguintes causas:

- Cesamento de actividades do centro docente ou do Concello de Lugo.
- Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- incumprimento das cláusulas establecidas no Convenio específico de colaboración, inadecuación pedagóxica das prácticas formativas, ou vulneración das normas que estean en cada caso vixentes en relación coa realización das actividades programadas.
- Mutuo acordo entre o centro educativo, adoptado pola súa dirección, e o Concello de Lugo. Igualmente poderase rescindir para un alumno ou grupo deles, por calquera das partes asinantes, e ser excluído da súa participación no convenio por decisión unilateral do centro ou do Concello de Lugo, ou conxunta de ambos os dous, nos seguintes casos:
 - a. Faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas.
 - b. Actitude incorrecta ou falta de aproveitamento, tras unha audiencia á persoa interesada.

En calquera caso, o Convenio-Marco non poderá rescindir-se no caso de que haxa alumnado seleccionado para realizar un período de prácticas mentres non rematen estas.

DÉCIMA TERCEIRA.

O Concello de Lugo e o IES Francisco Daviña Rey comprométense a resolver de xeito amistoso calquera desacorde que poida xurdir na interpretación ou desenvolvemento do presente Convenio-Marco, por medio da Comisión de Seguimento. Os conflitos que poidan xurdir pelas partes, e que non se poidan resolver polo órgano anterior, someteranse á resolución da xurisdición contencioso-administrativa, dado o carácter administrativo do Convenio-Marco.

E, como proba de conformidade, as partes comparecentes asinan por triplicado o presente Convenio-Marco, no lugar e data indicados a continuación.

Polo Concello de Lugo,

Polo IES Francisco Daviña Rey,

Asdo. O Alcalde-Presidente :
Miguel Fernández Méndez

Asdo. A Directora:
Raquel Aira González